

O IIS GALICIA SUR SOLICITOU A ACREDITACIÓN NACIONAL EN INVESTIGACIÓN DO INSTITUTO DE LA SALUD CARLOS III

- *Cúmprese así o obxectivo marcado para este ano e que constitúe unha das principais liñas de acción do Plan Estratéxico do Instituto*
- *A autorización formal realizouse no transcurso da reunión do Consello Reitor do Instituto, que presidiu o conselleiro de Sanidade, Jesús Vázquez Almuíña*
- *É a primeira reunión na que participa o novo equipo reitoral da Universidade de Vigo*
- *IISGS experimenta un importante incremento tanto no número de proxectos activos como na cantidade de patentes rexistradas ou estudos clínicos*
- *Constitúese o Comité Científico Externo, integrado por cinco expertos en investigación biomédica*

Vigo, 7 de xaneiro de 2019. O Instituto de Investigación Sanitaria Galicia Sur (IISGS) ven de presentar a solicitude formal para a maior acreditación nacional en investigación, que outorga o Instituto de la Salud Carlos III.

A solicitude remitiuse unha vez que o Consello Reitor do IIS Galicia Sur autorizouno na reunión anual que celebrou nas instalacións do Instituto, no Hospital Álvaro Cunqueiro.

O IIS Galicia Sur é o organismo que aglutina a investigación sanitaria pública do sur de Galicia. No mesmo están integrados a Universidade de Vigo e o Servizo Galego de Saúde (Sergas) a través das áreas sanitarias de Vigo, Pontevedra e de Ourense.



A consecución da acreditación do Instituto Carlos III é un dos principais obxectivos que persegue o IIS Galicia Sur desde a súa creación, e así figura no plan estratéxico do organismo. Cúmprese así o obxectivo marcado para este ano de realizar a devandita solicitude.

Dita acreditación permitirá, entre outros aspectos, acceder de forma preferente a fondos e bolsas de investigación sanitaria que se convoquen a nivel nacional.

A reunión do Consello Reitor foi a primeira á que asistiu o novo equipo reitoral da Universidade de Vigo, que foi elixido neste mesmo ano.

O conselleiro de Sanidade, Jesús Vázquez Almuíña, presidiu a reunión do Consello do IISGS, do que é presidente, e á mesma asistiron o reitor da Universidade viguesa, Manuel Reigosa, como vicepresidente; a xerente da Axencia Galega para a Xestión do Coñecemento en Saúde (ACIS), Beatriz Allegue; o xerente da área sanitaria de Vigo, Félix Rubial; o xefe de servizo de Pneumoloxía do CHUVI, Alberto Fernández Villar; a vicerreitora de Investigación da Universidade de Vigo, María Belén Rubio; o director científico do Instituto, José Ramón Fernández Lorenzo; a directora da Fundación Biomédica Galicia Sur, Beatriz Gil de Araújo; e o catedrático de Bioloxía Fundamental da Universidade de Vigo, Federico Mallo.

Informe anual

O Consello Reitor tivo coñecemento do informe anual que realizou o director científico do Instituto no que se reflicte o importante crecemento experimentado este ano en cada unha das actividades que leva a cabo o organismo. A cantidade de ingresos xestionados a través da Fundación Biomédica e destinados á investigación experimentou un importante ascenso e por primeira vez sitúase por enriba dos 4 millóns de euros.

O número de proxectos de investigación en activo ascende a 116, o que representa un incremento dun 30% con respecto ao ano anterior. Tamén crecen os ensaios clínicos activos, cun total de 654, así como o número de patentes rexistradas polos investigadores do Instituto, que chega a 48.

“É un balance moi bo e a nosa intención é seguir crecendo, sobre todo en canto consigamos a acreditación do Instituto Carlos III”, manifestou o director científico do IISGS, o doutor José Ramón Fernández Lorenzo.

Reordenación de áreas

No informe anual que coñeceron os membros do Consello Reitor houbo un apartado especial para a reestruturación das áreas de investigación. Das 8 áreas que había ata a reordenación permanecen 6. As outras dúas pasan a ser transversais, é dicir que se relacionan co resto a fin de mellorar a interacción e integración entre todas elas.

As 6 áreas científicas que permanecen son as de Neurociencias e Enfermidades Psiquiátricas; Enfermidades Inflamatorias e Infecciosas e Trastornos Inmunitarios; Metabolismo, Nutrición e Enfermidades Raras e de Base Xenética; Enfermidades de Grandes Sistemas, Envellecemento e Medicina Rexenerativa; Cancro; e Eficiencia e Calidade de Sistemas de Saúde, Seguridade do Paciente e Economía da Saúde.

A anterior área de Diagnóstico Clínico Avanzado con Resonancia Magnética e Diagnóstico por Imaxe pasa a ser a área transversal de Sistemas de Soporte á Decisión Clínica.

E, pola súa banda, a área existente de Novas Tecnoloxías, Biomateriais e Enxeñería de Tecidos reestruturase para ser a área transversal de Tecnoloxías Biomédicas.

Comité Científico Externo e novos investigadores

O Consello Reitor do Instituto de Investigación Sanitaria Galicia Sur aprobou a proposta de creación do Comité Científico Externo, cuxos integrantes son expertos de prestixio en distintas áreas da investigación biomédica. A súa misión fundamental é a de supervisar ou certificar a calidade das investigacións que se realicen no Instituto.

Os membros do Comité teñen unha traxectoria investigadora recoñecida a nivel internacional: Aurora Astudillo, directora do Biobanco do Hospital Universitario Central de Asturias; Ángel Carracedo, director da Fundación Pública de Medicina Xenómica-Sergas e do Centro Nacional de Xenotipado; Carlos Diéguez, director do Centro de Investigacións en Medicina Molecular e Enfermidades Crónicas; Nuno Sousa, director do Instituto da Licenciatura en Medicina da Universidade do Minho, en Portugal; e Luís Liz, premio nacional de investigación 2018 e director do Centro de Investigación Cooperativa en Biomateriais.

Ademais da aprobación do Comité Científico externo, na reunión do Consello Reitor informouse da incorporación de novos grupos de investigación ao Instituto: Viroloxía e Patóxenesis (VIP), coa investigadora Eva Poveda ao fronte, que se integra na área de Enfermidades Inflamatorias e Infecciosas; Sistemas Informáticos de Nova Xeración (SING), con Florentino Fernández- Riverola, que se integra a nova área transversal de Sistemas de Soporte a la Decisión Clínica ; e Aplicacións dos Láseres, que dirixe Juan M. Pau e que entra a nova área transversal de Tecnoloxías Biomédicas.